

AVISO

Enfermidade de corentena

Bursaphelenchus xylophilus (nematodo do piñeiro)

Co motivo da ampliación da zona demarcada polo nematodo do piñeiro (en adiante NMP), **infórmase** das medidas a executar en dita zona.

- Os propietarios das parcelas de toda a zona demarcada terán a **obriga** de identificar e cortar todos os piñeiros nos que se detecte a presenza de NMP, sintomáticos, mortos, decaídos ou afectados por incendios forestais ou tormentas.
- Deberanse retirar ou eliminar *in situ* as plantas cortadas e os restos de corta, mediante triturado dos mesmos **a menos de 3 cm ou mediante incineración co permiso previo para a queima**.
- A madeira para serra ou outro procesado (pellet, taboleiro) terá como destino unha **industria autorizada** para tratar o produto.
 - Queda **PROHIBIDO** o traslado de **rolla** dende zona infestada á zona tampón e dende a zona tampón a fóra de zona demarcada.
 - Está **PERMITIDO** en determinadas condicións o traslado dos **subprodutos** (puntal, astela, costeiro, cortiza, serrín) con destino a empresa autorizada para **destrución**.
- Todos os movementos de calquera tipo de material dentro ou fóra da zona demarcada, segundo proceda (rolla, puntal, astilla, etc...) deberán ser **comunicados** (dentro da zona tampón) ou **autorizados** (para saír da zona tampón) polo Servizo de Explotacións Agrarias de Ourense.
- Os modelos para os traslados de material sensible están dispoñibles na páxina web: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/agricultura/sanidade-vexetal/organismos-nocivos-de-corentena>

Teléfonos do servizo de Explotacións Agrarias de Ourense

988 386 687; 988 386 571; 988 386 540

